



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA NOVE DE XULLO DO DOUS MIL NOVE.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. Olga María Méndez Carro, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. del Carmen Gueimunde González, D. Celestino V. García Paz, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a. Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de xullo do dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, e o Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SEGREGACIÓN DOS TERREOS CEDIDOS A SOGASERSO.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da proposta da Alcaldía sobre a segregación dos terreos cedidos a SOGASERSO.

Continúa explicando, o Sr. Alcalde, a proposta da cesión gratuita a entidade SOGASERSO da finca de 15.236 m² segregada, para O Centro Xeriátrico, quen á súa vez, vai ceder unha esquina do cemedo para campo de fútbol de todos os veciños, por un período duns vinte anos, e evitar que desapareza o camping de Viveiro. Indica, tamén, que se vai proceder ao seu rexistro.

Aberta a queda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que manifesta que o seu Grupo vai a votar a favor da proposta da Alcaldía e que está de acordo con que o camping municipal non desapareza.



A do Voceiro do PP. D. Guillermo Leal Arias, que manifesta que xa se falou nas Comisións e que o seu Grupo vai apoiar as instalacións do Xeriátrico que é moi importante para o sector e que non vai entrar en outras valoracións. Polo que van votar a favor.

A do Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goá Basanta, quen ven en dicir que considera moi importante o Xeriátrico.

Para rematar, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que sí vai votar a favor.

O Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, remata dicindo que se vai rexistrar esta segregación, que se describe a continuación e, finalmente, agradece, unha vez mais, a responsabilidade de todos os Voceiros da Corporación, e a súa boa vontade de chegar a un acordo unánime en temas tan importantes para o Concello de Viveiro.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), o que supón maioría absoluta do número legal deste, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía que transcrita, textualmente, dí.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A SEGREGACIÓN DOS TERREOS CEDIDOS A SOGASERSO

ANTECEDENTES:

O Concello de Viveiro iniciou as actividades propias para a inmatriculación no Rexistro da Propiedade da finca con referencia catastral 3162103PJ1336S0001UE, finca de titularidade do Concello.

Para poder levar a cabo dita actividade o Rexistro da Propiedade esixe unha serie de acordos do Pleno.

SOLICITUDE

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Partindo da finca propiedade do Concello de Viveiro de 70.126 m² rexistrada no Rexistro da Propiedade con nº 10163 proceder á segregación da mesma dunha parcela de 15.236 m², quedando un resto de finca matriz de 54.890 m². Xúntase copia do plano resultante.
2. A finca segregada de 15.236 m² presenta un valor catastral de 517.804,69 € a efectos fiscais. Xúntase copia de certificación catastral descriptiva e gráfica da mesma.
3. Proceder á cesión gratuita á entidade SOGASERSO da finca de 15.236 m² segregada.
4. Solicitar autorización ao servizo de Costas.”



SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas para a sinatura de cantos documentos se deriven da adopción do presente acordo.

Dáse traslado do presente acordo aos departamentos de Inventario Municipal de Bens, Intervención e Obras e Urbanismo, así como á Notaría de Viveiro para elevación a escritura pública da referida segregación dos terreos cedidos.

2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DAS NORMAS PROVISIONAIS DE PLANEAMENTO.

O Sr. Alcalde explica que esta modificación das Normas Provisionais de Planeamento son necesarias e agrada aos Voceiros dos Grupos Políticos e a os Técnicos, así como a boa disposición do Presidente da Xunta de Galicia, para dar unha saída e legalizar as situacións, antepoñendo os beneficios dos veciños aos intereses dos partidos políticos, e pasa a dar lectura á proposta da Alcaldía sobre a modificación das Normas Provisionais de Planeamento.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

Intervindo, en primeiro lugar o Voceiro do PS de G-,PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí vai a votar a favor de solicitar á Xunta de Galicia as modificacións da ordenación Urbanística Municipal nos termos que se indican.

A continuación, prodúcese a intervención do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal, que dí van a votar a favor e, polo tanto, apoiarán a proposta da Alcaldía, pero sen agradecemento, xa que cando hai temas importantes, hai que buscar solucións. Nos, vamos agradecer ao Técnico de Urbanismo D. Marcos Hermida Trastoy, que fixo este traballo e resumiu en nove folios, o que é importantísimo para o desenvolvemento do Concello de Viveiro e que vai formar parte do Plan Xeral..

Seguidamente intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que anuncia o apoio do seu grupo á proposta. Engade que isto é un traballo exhaustivo e pide que se felicite ao Arquitecto, D. Marcos Hermida Trastoi, que redactou este documento e que da solucións a temas como os dos “nucleos “. Remata dicindo que conste en Acta a felicitación ao Técnico.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente dí que solicitou ao Arquitecto Municipal D. Marcos Hermida Trastoi a realizacións destes traballos que dan solucións a temas moi importantes para o desenvolvemento urbanístico de Viveiro, pero como é imposible facelo nos horarios de oficinas, xa que hai moito traballo, tivo que concederlle quince días para que se poidera confeccionar fóra da oficina municipal sen interrupcións. Polo que veño en recoñecer a proposta dos Voceiros de felicitar ao Técnico, D. Marcos Hermida Trastoi, que redactou o documento, que conste en Acta o recoñecemento do traballo feito e que se comunique ao Sr Trastoi.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de E.U. D. Orlando Expósito Mariño, e dí que vai votar a favor da modificación da Ordenación Urbanística Provisional e que se solicite à Xunta os cambios sobre o decreto da ordenación ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), o que supón maioría absoluta do número legal deste, acorda:



PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía sobre a modificación das Normas Provisionais de Planeamento que, textualmente, dí:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL. DECRETO 102/2006, DO 22 DE XUÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de máis de tres anos de suspensión de licenzas e da consecuente publicación do Decreto 102/2006 polo que se regula unha Ordenación Urbanística Provisional, o Concello de Viveiro e máis concretamente a súa área de urbanismo detecta unha serie de anomalías, defectos e principalmente dificultades á hora de aplicar dito decreto.

Atopámonos ante unha normativa con carácter transitorio que contempla a súa vixencia ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal. A tramitación ardua e complexa dun PXOM nun Concello das características no noso, dilata no tempo a vixencia desta normativa facendo dificultosa á aplicación da mesma con respecto ás futuribeis construcións, ao mantemento do parque inmobiliario actual e ao desenvolvemento sostible non só do solo urbano se non de todo o ámbito municipal

Outra dificultade engadida é a derivada da documentación gráfica que mantén en vigor a Ordenación Urbanística Provisional:

- Planos de ordenación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal totalmente obsoletas, nos que a OUP mantén as alineacións e a cualificación do solo, en moitos casos mal definida, delimitada ou simplemente errónea.
- Planos cunha base cartográfica actualizada ao ano 1985 cun deficiente nivel de definición,
- Carencia de planos de clasificación do solo.
- Planos faltos de información: delimitación de ríos e regatos, bens inventariados, ámbitos de protección, titularidade do solo, titularidade das infraestructuras, inventario municipal, equipamentos e dotacións, etc.....

A intención do presente documento é modificar a Ordenación Urbanística Provisional coa idea de facilitar a súa aplicación ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Actualmente o Concello está a redactar o PXOM, foi adjudicado o 2 de febreiro deste ano e xa se comezou o proceso necesario para dotar a Viveiro dun planeamento que defina un desenvolvemento lóxico e sostible nos vindeiros anos.

Tendo en conta, ademais, que a propia situación económica de Galicia e de España deixou aparcado o boom inmobiliario, polo que as modificacións presentadas permitirían unha xestión máis áxil do Concello coa seguridade xurídica que deu a publicación da Ordenación Urbanística Provisional.

Por todo isto é polo que solicitamos as seguintes modificacións, que son aquelas que os técnicos viron como necesarias para non paralizar, durante a redacción e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana, un desenvolvemento sostible en Viveiro; como se ve na proposta hai modificacións posteriores ao ano 1986 y otras no, como por exemplo as que afectaban a Xunqueira, que permitía edificacións a 11 metros do Convento de Valdeflores.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar á Xunta de Galicia as modificacións da Ordenación Urbanística Municipal nos termos descrito a continuación:

1. SOLO URBANO CONSOLIDADO:



Dentro das condicións xerais de edificación do solo urbano consolidado existen dúas limitacións que se consideras susceptíbeis de seren modificadas.

Limitase a construción de sotos a dous afectando esta medida á inviabilidade de poder construír en parcelas polas súas condicións de forma e/ou tamaño: parcelas que dean a máis dunha rúa que salven cotas a moi distinta altura, parcelas pequenas ou con formas complicadas que imposibiliten dotar a cada vivenda dunha praza de garaxe, etc. Non se permite a ocupación en planta baixo rasante fóra da proxección vertical das plantas superiores sobre rasante, esta medida enténdese non apropiada dado que se pode aproveitar esta circunstancia á hora de crear espazos libres sobre rasante cedendo edificabilidade en circunstancias especiais: aplicación da ordenanza de protección do patrimonio, parcelas adxacentes ao dominio público marítimo terrestre, etc.

Prohíbese a apertura de novas vías non existentes no momento da entrada en vigor desta ordenación provisional, así como a ampliación e urbanización das vías existentes. Enténdese a prohibición de apertura de novas vías, tema que será tratado pormenorizadamente polo PXOM, non así a prohibición de apertura, ampliación e urbanización das vías existentes, sempre que estean previstas no planeamento. Dende a publicación da OUP ata a aprobación definitiva do PXOM vai pasar un tempo mínimo no que o Concello de Viveiro ten a obriga co cidadán de afrontar o mantemento e mellora das infraestruturas do seu termo municipal, así como dos servizos urbanos para dotar aos veciños das condicións idóneas de calidade e sostenibilidade. A prohibición da ordenanza de ampliación e urbanización das vías existentes, non traballa da man de outras consellerías que outorgan subvencións para o arranxo e mellora das infraestruturas viarias e de servizo, non podendo deste xeito optar ás axudas e evitar o deterioro de certas zonas do termo municipal. Enténdese que esta medida xoga en contra dos intereses do cidadán que demanda do seu Concello uns servizos que este está imposibilitado a cumprir.

1.2. Condicións xerais de edificación

1.2.3. Permítese a construción de semisotos que non sobresaian máis dun metro en calquera das rasantes do terreo en contacto coa edificación. Tamén se permiten a construción de ata dous sotos sempre que non sobresaian en ningún punto da rasante natural do terreo en contacto coa edificación.

Non se permitirá a ocupación en planta baixo rasante fóra da proxección vertical das plantas superiores sobre rasante.

Proposta:

Eliminación da limitación de construír máis de dous sotos e eliminación do parágrafo segundo

1.2.3. Permítese a construción de semisotos que non sobresaian máis dun metro en calquera das rasantes do terreo en contacto coa edificación. Tamén se permiten a construción de sotos sempre que non sobresaian en ningún punto da rasante natural do terreo en contacto coa edificación.

1.2.5. Prohíbese a apertura de novas vías non existentes no momento da entrada en vigor desta ordenación provisional, así como a ampliación e urbanización das vías existentes.

Proposta:

1.2.5. Prohíbese a apertura de novas vías que non aparezan recollidas no planeamento que se mantén en vigor por esta ordenación provisional.

1.4 ORDENANZA DE SOLO URBANO DE BAIXA DENSIDADE:

A OUP dentro da ordenanza de solo urbano de baixa densidade recolle unicamente a posibilidade de construír vivenda unifamiliar illada con unha serie de condicionamentos, a trama urbana do Concello de Viveiro presenta unha realidade



ben diferente con zonas de **vivenda unifamiliar entre medianís** en alineacións consolidadas de acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Viveiro, (en diante NNSSP). Enténdese deste xeito a necesidade de crear unha diferenza dentro da ordenanza de solo urbano de baixa densidade que permita a edificación de vivendas entre medianís aos efectos de poder colmatar zonas da trama urbana que doutra maneira quedan como espazos residuais. Por outra banda esta posibilidade non debería estar limitada no largo do seu fronte nin na superficie de parcela mínima xa que o obxectivo da mesma e a colmatación dun espazo baleiro entre medianeiras. Un fondo máximo pode ser entre 8 e 10 metros.

No referido ás cubertas das edificacións, fálase de que estarán formadas por planos inclinados sen quebraduras dos seus faldróns, fixando unha pendente máxima permitida de 45°. Ao estar falando dun solo urbano consolidado dentro dunha malla urbana cunha tipoloxía edificatoria moi diversa e tendo en conta o establecido no *Artigo 17.c, das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais e no Artigo 104 de adaptación ao ambiente da LOUGA*, é viábel a posibilidade de estar falando de planos continuos de cuberta onde cabería a posibilidade de cubertas planas de menor impacto visual.

Proposta:

Condições de edificación de vivenda unifamiliar entre medianís

- a) Tipoloxía: edificación de vivenda unifamiliar entre medianeiras.
- b) Parcela mínima: non esixible
- c) Fronte mínimo de parcela: non esixible.
- d) Fondo máximo edificable: 10 metros.
- e) Altura máxima: planta baixa e unha planta alta, cun máximo de 7 metros.

g) As cubertas das edificacións estarán formadas por planos inclinados sen quebraduras dos seus faldróns e prohibense as mansardas e outros volumes sobre os faldróns de cuberta, permitíndose unicamente chemineas. A pendente máxima permitida será de 45 graos sesaxesimais medidos desde o plano superior do último forxado, cunha altura máxima de cumieira de 4 metros.

Proposta:

Substitución de planos inclinados por continuos

g) As cubertas das edificacións estarán formadas por planos continuos sen quebraduras dos seus faldróns e prohibense as mansardas e outros volumes sobre os faldróns de cuberta, permitíndose unicamente chemineas. A pendente máxima permitida será de 45 graos sesaxesimais medidos desde o plano superior do último forxado, cunha altura máxima de cumieira de 4 metros.

1.5 ORDENANZA DE SOLO URBANO DE MEDIA DENSIDADE:

A OUP dentro da ordenanza de solo urbano de media densidade recolle unicamente a posibilidade de poder construír en terreos que se atopen situados entre edificacións construídas entre medianeiras, en tramos de fachada consolidados pola edificación cunha altura media igual ou superior a tres plantas. Esta posibilidade ten por obxectivo permitir a edificación de vivendas entre medianeiras aos efectos de poder colmatar zonas da trama urbana que doutra maneira quedan como espazos residuais, esta posibilidade non debería estar limitada no largo do seu fronte nin na superficie de parcela mínima xa que o obxectivo da mesma e a colmatación dun espazo baleiro entre medianeiras.

No referido ás cubertas das edificacións, fálase de que estarán formadas por planos inclinados sen quebraduras dos seus faldróns, fixando unha pendente máxima permitida de 45°. Ao estar falando dun solo urbano consolidado dentro dunha malla urbana cunha tipoloxía edificatoria moi diversa e tendo en conta o establecido no *Artigo 17.c, das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais e no Artigo 104 de adaptación ao ambiente da LOUGA*, é viábel a



posibilidade de estar falando de planos continuos de cuberta onde cabería a posibilidade de cubertas planas de menor impacto visual.

As alturas máximas calcúlanse pola media das alturas das dúas edificacións lindantes e establécese a correlación entre o número máximo de plantas permitido e a altura de cornixa en metros. Non se ten en conta a existencia de entrecháns nas plantas baixas das edificacións lindantes permitidos polas NNSSP, a OUP debería recoller a posibilidade de construír entrecháns nas plantas baixas que non estean destinados a vivendas, nas mesmas condicións que establecen as NNSSP.

1.5.2. Condicións específicas de edificación.

b) Parcela mínima: 200 metros cadrados.

c) Fronte mínimo a vía pública: 12 metros.

Proposta:

Condicións de edificación de vivenda colectiva entre medianís

b) Parcela mínima: non esixible

c) Fronte mínimo de parcela: non esixible.

f) Altura máxima: a altura máxima permitida, en número de plantas, será a media das alturas das dúas edificacións lindantes. No caso de que a diferenza de altura sexa de solo unha planta, a altura máxima permitida será a da edificación lindante de menor altura.

Proposta:

Inclusión de parágrafo dentro do punto f) coa posibilidade de existencia de entrecháns nas plantas baixas

Poderán construírse entrecháns nas plantas baixas que non estean destinados a vivenda. A altura da planta baixa non poderá superar os 5 metros medidos dende a rasante do terreo ata a cara inferior do primeiro forxado.

g) As cubertas das edificacións estarán formadas por planos inclinados sen quebraduras dos seus faldróns e prohibense as mansardas e outros volumes sobre os faldróns de cuberta, permitíndose unicamente chemineas. A pendente máxima permitida será de 45 graos sesaxesimais medidos desde o plano superior do último forxado, cunha altura máxima de cumieira de 4 metros.

Proposta:

Substitución de planos inclinados por continuos

g) As cubertas das edificacións estarán formadas por planos continuos sen quebraduras dos seus faldróns e prohibense as mansardas e outros volumes sobre os faldróns de cuberta, permitíndose unicamente chemineas. A pendente máxima permitida será de 45 graos sesaxesimais medidos desde o plano superior do último forxado, cunha altura máxima de cumieira de 4 metros.

Deberíase crear unha nova ordenanza de solo urbano de media densidade que permita rematar edificación en continuidade cunha soa medianeira.

3. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES:

A OUP mantén a cualificación como zonas verdes e espazos libres das NNSSP e inclúe a maiores todas as parcelas non edificadas de solo urbano consolidado situadas en Covas entre a estrada LU-862 e o mar. Enténdese esta limitación fortemente restrictiva tendo en conta que afecta a terreos clasificados como solo urbano consolidado e como tal susceptibles de seren regulados polas ordenanzas de aplicación directa da OUP e tendo en conta todos os condicionamentos derivados da aplicación das autorizacións sectoriais que os afecten, dominio público marítimo terrestre, protección de cauces, afección de estradas, etc., así como as áreas de protección do patrimonio. Proponse a eliminación



dese parágrafo deixando esas parcelas reguladas polas ordenanzas de aplicación da OUP e a normativa vixente e canto ás afeccións sectoriais e de protección do patrimonio.

3.1. Ámbito de aplicación.

Comprende os terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986, e do planeamento de desenvolvemento aprobado; así como as parcelas de solo urbano consolidado situadas en Covas, entre a estrada LU-862 e o mar, que non se atopen edificadas á data do acordo de iniciación do expediente de suspensión.

Proposta:

Eliminación de parágrafo

Comprende os terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-86, e o planeamento de desenvolvemento aprobado.

4. EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS:

A OUP mantén a cualificación do terreos como equipamentos e dotacións das NNSSP, non así a ordenanza de aplicación. O conflito xurde á hora de aplicar unha ordenanza reguladora a este tipo de solo, xa que no punto referido ás condicións de edificación di que serán de aplicación as mesmas condicións de edificación establecidas na presente ordenación provisional que resulten de aplicación aos terreos do contorno.

As condicións de edificación e as ordenanzas de aplicación que establece a OUP dentro do solo urbano resúmense en dúas: *ordenanza de solo urbano de baixa densidade e solo urbano de media densidade*. Deste xeito estamos limitados sobremaneira á hora de poder dar licenza a un equipamento nunhas condicións de volume, edificabilidade e ocupación aceptábeis.

Enténdese que se debería redactar unha ordenanza específica para o solo de uso dotacional e equipamentos que non tendo outra de referencia poderíase tomar a das NNSSP, establecendo matices.

5. SISTEMA VIARIO:

Descríbese como ámbito de aplicación ao sistema viario reflectido nos planos de ordenación das NNSSP e nos plans de desenvolvemento aprobados que se manteñen en vigor. Logo no réxime de protección, prohibéase a apertura de novas vías, rúas ou camiños, así como a urbanización ou a ampliación dos existentes.

Non parece lóxico que se manteñan plans de desenvolvemento aprobados como o Plan Especial de Protección e Reforma da zona antiga, o parque empresarial de Landrove, recollido no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galiza, o Plan Parcial de Lavandeiras e Lodeiro e o parque empresarial de Chavín condicionado o seu desenvolvemento ao correspondente Plan de Sectorización e que con esta limitación non se podan executar nas condicións marcadas polo propio planeamento de desenvolvemento.

Como xa se dixo no punto referido ao solo urbano consolidado, prohibéase a apertura de novas vías non existentes no momento da entrada en vigor desta ordenación provisional, así como a ampliación e urbanización das vías existentes. Enténdese a prohibición de apertura de novas vías, tema que será tratado pormenorizadamente polo PXOM, non así a prohibición de apertura, ampliación e urbanización das vías existentes, sempre que estean previstas no planeamento. Dende a publicación da OUP ata a aprobación definitiva do PXOM vai pasar un tempo mínimo no que o Concello



de Viveiro ten a obriga co cidadán de afrontar o mantemento e mellora das infraestruturas do seu termo municipal, así como dos servizos urbanos para dotar aos veciños das condicións idóneas de calidade e sustentabilidade. A prohibición da ordenanza de ampliación e urbanización das vías existentes, non traballa da man de outras consellerías que outorgan subvencións para o arranxo e mellora das infraestruturas viarias e de servizo, non podendo deste xeito optar ás axudas e evitar o deterioro de certas zonas do termo municipal. Enténdese que esta medida xoga en contra dos intereses do cidadán que demanda do seu Concello uns servizos que este está imposibilitado a cumprir.

5.1. *Ámbito de aplicación.*

Será de aplicación:

a) Ás estradas de titularidade estatal, autonómica e local, incluídas as súas zonas de afección.

b) Ao sistema viario reflectido nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal e nos plans de desenvolvemento aprobados que se manteñen en vigor.

Proposta:

ELIMINACIÓN DA APLICACIÓN AOS PLANS DE DESENVOLVEMENTO APROBADOS QUE SE MANTEÑEN EN VIGOR

b) Ao sistema viario reflectido nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal.

5.2. *Réxime de protección.*

En todo caso, prohibéase a apertura de novas vías, rúas ou camiños, así como a urbanización ou a ampliación dos existentes, sen prexuízo do establecido na lexislación aplicable ás estradas de titularidade estatal ou autonómica.

Proposta:

En todo caso, prohibéase a apertura de novas vías, rúas ou camiños que que non aparezan recollidas no planeamento que se mantén en vigor por esta ordenación provisional.

6. SISTEMA XERAL PORTUARIO:

Mantense sen modificacións

7. SOLO DE NÚCLEO RURAL

Un dos conflitos xerados a partires da entrada en vigor da OUP foi a exclusión do ámbito de aplicación da ordenanza *solo de núcleo rural* dos 8 núcleos recollidos no documento denominado *Adaptación das normas subsidiarias de planeamento municipal á Lei do solo de Galicia e modificacións (núcleos adicionais) de data xullo 1998*, Alvarelle, A Pena, Pirixel, Santo Albites, Augadoce, Brieiro, Escourido e Pallaregas (ampliación).

En decembro de 2003 comunicáselle ao concello a viabilidade da elaboración dun documento refundido onde se recollan tanto os núcleos do documento de adaptación á Lasga, como os incorporados no acordo plenario. O dito documento refundido é remitido polo concello de Viveiro ao Servizo Provincial de Urbanismo e Inspección Territorial de Lugo en data do 26 de xaneiro de 2004. Varios dos núcleos recoñecidos neste documento sono sobre solo clasificado como urbanizable nas normas aprobadas en 1978, producindo unha modificación na clasificación do solo sen que se seguise o procedemento legalmente establecido para iso.

Preténdese recuperar este procedemento no punto anterior para así poder aprobar definitivamente a delimitación destes núcleos e que pasen a formar parte de *solo de núcleo rural*.

No referido ás condicións de edificación o punto c) limita a edificabilidade das parcelas ás que teñan fronte á vía pública asfaltada existente con anterioridade á entrada en vigor da LOUGA.



*Coa proposta anteriormente exposta de eliminar a prohibición de **apertura, ampliación e urbanización das vías existentes**, sempre que estean previstas no planeamento, parcelas que dean a viais existentes que por mor do deterioro e uso o concello fai obras de mellora incluíndo nestas o asfaltado das mesmas, reúnen idénticas condicións para seren edificadas independentemente que estean asfaltadas a día de hoxe ou con anterioridade á LOUGA. Hai que ter en conta que o Concello de Viveiro ten a obriga co cidadán de afrontar o mantemento e mellora das infraestruturas do seu termo municipal, así como dos servizos urbanos para dotar aos veciños das condicións idóneas de calidade e sostenibilidade.*

*Outro punto que compre modificar é o d), referido á superficie total ocupada en planta pola edificación limitada a 120 m². A entrada en vigor do Decreto 262/2007, do 20 de decembro polo que se aproban as normas do hábitat galego, trocan substancialmente as dimensións mínimas das estancias e fan necesario novos espazos destinados a zona lavado, tendais, almacenamento xeral, almacenaxe utensilios de mantemento da parcela, etc. Debido a todos estes trocos estímase necesario o aumento da superficie de ocupación en parcela nun 25% establecendo unha **superficie final de 150 m²**, (mantendo a parcela mínima en 600 m², a ocupación en parcela nunca sería superior ao 25%).*

7.2. Condicións de EDIFICACIÓN.

*c) Só serán edificables as parcelas con fronte á vía pública **asfaltada existente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia**.*

Proposta:

ELIMINACIÓN DA LIMITACIÓN IMPOSTA DESPOIS DA ENTRADA EN VIGOR DA LOUGA

c) Só serán edificables as parcelas con fronte á vía pública.

*d) A superficie total ocupada en planta pola edificación non poderá superar os **120 metros cadrados**.*

Proposta:

AUMENTO DA SUPERFICIE DE OCUPACIÓN EN PLANTA

d) A superficie total ocupada en planta pola edificación non poderá superar os **150 metros cadrados**.

8. SOLO URBANIZÁBEL

O punto 8.2 refírese á vixencia da clasificación como solo urbanizábel non delimitado de uso industrial do ámbito do parque empresarial de Chavín inda que no apartado seguinte referido ao solo rústico especialmente protexido refírese a este como solo non urbanizábel de uso industrial para parque empresarial de Chavín.

Parece que hai unha pequena discrepancia á hora de clasificar este solo que debería quedar arranxada no documento modificado.

9. SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTO PROTEXIDO

No solo rústico de especial protección inclúe a OUP os núcleos rurais delimitados no documento denominado *Adaptación das normas subsidiarias de planeamento municipal á Lei do solo de Galicia e modificacións (núcleos adicionais) de data xullo 1998*, aos que se refire o punto primeiro do acordo do Pleno do Concello de Viveiro de data do 2 de setembro de 1997.

Varios dos núcleos recoñecidos neste documento sono sobre solo clasificado como urbanizable nas normas aprobadas en 1978, producindo unha modificación na clasificación do solo sen que se seguise o procedemento legalmente establecido para iso.



Preténdese recuperar este procedemento no punto anterior para así poder aprobar definitivamente a delimitación destes núcleos e que pasen a formar parte de *solo de núcleo rural*.

Auméntase en 200 metros, a franxa de protección dos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais, calquera que sexa a clasificación de solo que lles outorguen as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro. Os espazos declarados dentro do ámbito municipal son Costa da Mariña, Río Landro, Monte Faro e Serra do Xistral.

Esta nova delimitación afecta tanto a terreos de solo urbano en Covas, Celeiro, Xunqueira e Magazos, como solo de núcleo rural nas parroquias de Galdo e Landrove. Deste xeito zonas con posibilidade de edificación segundo a clasificación do solo establecida nos planos de ordenación das NNSSP, quedan incluídas dentro da regulación de solo rústico especialmente protexido coas condicións de uso e edificación aplicables nos artigos 31 a 44 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e coas particularidades específicas da OUP.

Enténdese que a aplicación do ámbito de protección no debería afectar ás zonas delimitadas como solo de núcleo rural e solo urbano nos planos das NNSSP, para así posibilitar a aplicación das ordenanzas específicas nas condicións establecidas na OUP.

-Aos terreos situados nunha franxa de 200 metros de largo desde o límite dos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG nº 69, do 12 de abril), calquera que sexa a clasificación de solo que lles outorguen as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro.

Proposta:

ELIMINACIÓN DE CALQUERA QUE SEXA A CLASIFICACIÓN DO SOLO

-Aos terreos situados nunha franxa de 200 metros de largo desde o límite dos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG nº 69, do 12 de abril). Non se inclúen nesta delimitación o solo urbano e o solo de núcleo rural.

10. EDIFICACIÓNS EXISTENTES

Mantense sen modificacións

11. ORDENANZA DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

Mantense sen modificacións

12. PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE

Detéctase un pequeno erro no referido ao decreto polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal

A actuación relativa ao parque empresarial de Landrove recollida no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta do 27-5-2004 (DOG nº 134, do 13 de xullo), mantense nos termos recollidos no devandito plan sectorial; debendo desenvolverse mediante o correspondente proxecto sectorial segundo o establecido no Decreto 80/2002, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Parece que hai un pequeno erro no referido ao decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, que debería quedar arraxado no documento modificado.

13. EXPEDIENTES EN TRAMITACIÓN

Mantense sen modificacións



14. RESIDENCIAL MIXTA

Incorporar ao planeamento vixente a modificación puntual das Normas Subsidiarias da Ordenanza Residencial Mixta (RM), aprobado definitivamente o 27 de agosto de 2004 e publicado DOG o 1 de setembro de 2004 e no BOP o 15 de setembro de 2004.”

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Obras e Urbanismo para a tramitación que preceptivamente cómpre levar a cabo, e se achegue dito acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; así como á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.

3º.- EXENCIÓN DO IBI A PORTOS DE CELEIRO.

Polo Sr.Alcalde dáse conta da proposta da exención do IBI á Sociedade de armadores “Portos de Celeiro” e indica que esta exención ten por obxecto garantir emprego e que esta empresa poida seguir crescendo ao quedar exento do IBI levantarse o embargo sobre as contas decretado pola Diputación Provincial, xa que a empresa non pagou a contribución do ano 2008.

Engade que no ano 2005 xa se recolleu un acordo similar por catro anos, dende o 2004 ata o ano 2007. Agora decidimos aplicar por outros catro exercizos, ata o 2011. O Sr.Alcalde D.Melchor Roel Rivas, destaca a importancia de Portos de Celeiro, pero non só para o Municipio, senón para toda a Comarca, polo volume económico que esta a desenvolver xunto á creación de postos de traballo Defende que se fai pola importancia do emprego que se crea e non para pagar favores.

Continúa manifestando, que se pide o voto favorable de todos os grupos políticos e o apoio favorable á exención do IBI, a pesar de que existe un informe de Intervención contrario, pero estamos a falar de moitos postos de traballo en xogo, e xa no ano 2005 se adoptou acordo neste senso, sen ningún informe contrario por parte da Intervención, e interesa que pola Secretaría se traslade ao Ministerio de Administracións Públicas.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PS. De G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que manifesta que o seu Grupo vai a respaldar esta iniciativa e engade que se no ano 2005 non houbo informe desfavorable-non sabe cando se está incumprindo-se antes ou agora.

A continuación o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, manifesta que, dada a situación do sector pesqueiro, e que esta empresa ven en contribuir na riqueza deste pobo con postos de traballos directos e indirectos,van apoiar ata o remate da lexislatura e van dar o voto a favor.

Intervén o Concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta, manifestándose a favor da exención do devandito imposto e solicita se amplie esta medida a outras empresas relacionadas co mar, como a Confraría e outros Servizos, tendo en conta a delicada situación que está a atravesar o sector pesqueiro.

Seguidamente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, di que para Portos de Celeiro S.A., vai votar en contra. Que anteriormente se atopaba integrado por armadores e mariñeiros e que isto desapareceu por a creación desta Sociedade integrada por armadores. Remata para dicir, haber si cun voto en contra, pódese cambiar algo, algún día.



Polo Sr. Alcalde, faise mención a ter unha reunión cos Voceiros dos Grupos Políticos para saber as situacións doutras empresas do Sector Pesqueiro e proceder a un estudo respecto ás banoficiacións.

Non se producen mais intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de dezaseis votos a favor (PS de G-PSOE) PP., BNG.,) e un voto en contra (IU-EU) acorda:

PRIMEIRO.- Aplicar a exención do Imposto de Bens Inmóbles deste Concello , a Portos de Celeiro, S. A., por catro anualidades e desde o 2008 ata o 2011.

SEGUNDO.- Remitir acordo a empresa “Portos de Celeiro e á Oficina de IBI para a súa remisión do acordo á Excma. Deputación Provincial aos efectos oportunos; así como ás oficinas de Intervención e Tesourería.

4º.- ESCRITO DE D^a. ISABEL PERNAS BUJADOS, SOLICITANDO A RESCISIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dáse conta dun escrito de D^a. María Isabel Pernas Bujados, con domicilio en Madrid, que solicita rescisión de contrato de arrendamento dun local sito na Praza Mayor nº 8, con outro acceso pola Avenida de Galicia, nº 31 e a metade do primeiro andar que da á Praza Maior, que se pretendía, por este Concello, destinar a sala de exposicións, dada a súa magnífica situación.

Continúa dicindo o Sr. Alcalde, que Dona Isabel Pernas Bujados se solicita a rescisión do contrato, e ven en propoñer ao Pleno corporativo se vote a favor da rescisión do contrato de aluguer do local que albergaba unha ferretería na Praza Maior de Viveiro e que se preveía destinar a sala de exposicións do Concello.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que o seu grupo vai a votar a favor da rescisión do contrato.

A continuación o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, manifesta que o seu Grupo vaise abster.

Intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que se manifesta a favor da rescisión do devandito contrato.

Seguidamente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, di que vai votar a favor da rescisión do contrato de arrendamento do local sito na Praza Mayor, nº 8.

A continuación, o Sr. Alcalde, en relación co informe negativo do Sr. Interventor, sobre que non existe consignación presupostaria, vén a derivar, neste intre, nun cambio de opinións.

Non se producen mais intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría dos membros presentes, ((dez) que resultan ser PS de G-PSOE, BNG e IU-EU, e sete abastencións do PP.,acorda:

PRIMEIRO.- Que no día de hoxe, se proceda a resolver o contrato de arrendamento de data 26 de setembro de 2007, que suscribiron as partes, en relación aos inmóbles sitos en Viveiro (Lu-



go) na Praza Mayor, 8-con volta a Rúa de Galicia, número 31, así como á metade do primeiro andar que dá á praça Maior.

SEGUNDO.- Comunicar esta rescisión a Dona Isabel Pernas Bujados, propietaria do local, recibindo a posesión do inmoble obxecto do contrato, sen reclamacións por ningún concepto.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14 DE MAIO DO 2009, SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS.

O Sr. Alcalde-presidente da conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14 de maio do 2009, polo que se aprobou a solicitude de subvención destinada á prestación de Servizos Sociais que, textualmente, dí:

“2 .- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS.

Vista a Orde do 1 de abril, publicada no DOG nº 76 de 21-04-09, pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar unha subvención para a prestación de servizos sociais de Atención Primaria (Comunitarios), continuando nas mesmas condicións que o ano anterior e segundo o seguinte desglose:

Servizos Sociais de Atención Primaria (Comunitarios)	ACHEGA MUNICIPAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	CUSTO TOTAL
1º PERSOAL	99.376,08	77.729,69	177.105,77
1.1 Técnico Grado Superior	15.750,00	18.955,49	34.705,49
1.2 Traballadora social (2)	30.040,75	23.633,19	53.673,94
1.3 Técnico de Grado Medio	24.471,39	15.011,49	39.482,88
1.4 Auxiliar admón.	12.533,94	12.623,78	25.157,72
1.5 Educador familiar	16.580,00	7.505,74	24.085,74
2º MANTEMENTO DO SERVIZO	900	600	1.500,00
3º AXUDA NO FOGAR	177.000,00	204.972,00	381.972,00
3.1 Axuda no fogar prestación básica	125.000,00	70.000,00	195.000,00
3.2 Axuda no fogar para persoas dependentes	52.000,00	134.972,00	186.972,00
4º XESTION DE PROGRAMAS	10.500,00	49.000,00	59.500,00
4.1 Prevención drogodependencias	500,00	2.000,00	2.500,00
4.2 Programa ANTA	6.000,00	42.000,00	48.000,00
4.4 Emerxencia social	4.000,00	5.000,00	9.000,00
5º INVESTIMENTO	6.000,00	14.000,00	20.000,00
5.1 Eliminación de barreiras	6.000,00	14.000,00	20.000,00
TOTAL	293.776,08	346.301,69	640.077,77
PLAN NACIONAL XITANO	1.084,00	45.054,00	46.138,00



2º.- Consignar no orzamento municipal as cantidades sinaladas.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao Centro municipal de Servizos Sociais para a súa tramitación."

Non se producen intervencións, e o Pleno da Coporación por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda darse por informado.

6º- APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE AXUDA NO FOGAR.

Polo Sr. Alcalde cédese o uso da palabra ao Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que intervén manifestando que desexa felicitar aos traballadores de Servizos Sociais pola súa responsable e eficacia.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Coporación por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar o novo Regulamento de Axuda no Fogar, que transcrito, literalmente, dí:

“REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIVEIRO

INDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPITULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

- Obxecto e Ámbito. Artigo 1
- Obxectivos. Artigo 2

CAPITULO II .- TIPOLOXÍA DAS ATENCIÓNS.

- Contido do Servizo.- Artigo 3
- Persoas destinatarias.- Artigo 4

CAPITULO III - DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS. Artigos 5 e 6

CAPITULO IV - ACCESO O SERVIZO

- Modalidades de Acceso ao Servizo. Artigo 7
- Criterios de Organización e Procedemento. Artigos 8 ao 12
- Causas de denegación, extinción, modificación e suspensión temporal do servizo . Artigos 13 ao 15
- Coordinación e Seguimento. Artigo 16
- Intensidade na prestación do servizo. Artigo 17

CAPITULO VI - REXIME SANCIONADOR: FALTAS E SANCIÓN

- Faltas e Sancións. Artigo 18



CAPITULO VII - REXIME ECONOMICO E FINANCEIRO. Artigos do 19 ao 21

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA DISPOSICIÓN DEROGATORIA DISPOSICIÓN FINAL

Exposición de Motivos

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a *Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia*, que regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir dito dereito, e posibilitar que as liberdades e igualdades entre os individuos sexan reais e efectivas tal e como contempla a Constitución Española no seu art. 9.3.

A *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local* atribúe competencias aos concellos en materia de servizos sociais

A *Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais* no seu art. 11.1.f) atribúe como unha das funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

Dentro desta prestación e deste marco xurídico, inscríbense os servizos de atención Domiciliaria (S.A.D.) que aínda que dirixidos a toda a poboación, teñen como obxecto prioritario: ofrecer un conxunto de atencións as persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu entorno habitual.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, trala publicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, describe as atencións do Servizo de Axuda no Fogar . Dita orde obriga ás entidades locais a reaxustar as súas respectivas ordenanzas reguladoras.

A nova normativa reguladora esixe a configuración dun novo modelo de axuda a domicilio que complemente e amplíe a súa acción protectora, co fin de promover e dotar os recursos necesarios para facer efectivo un servizo de axuda no fogar de calidade e garantista. En consonancia coa referida normativa e co obxecto de dar cumprimento a *Disposición transitoria Primeira da Orde autonómica do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar*, (Adaptación de ordenanzas municipais) establece que os concellos disporán dun prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto nesta orde.



Neste contexto a ordenanza en vigor, publicada no BOP do día 30 de setembro de 1998, require unha adaptación para axustala á nova realidade social e lexislativa.

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e Ámbito

A presente Ordenanza ten por obxecto establecer o marco dos **Servizos de Axuda no Fogar** (en adiante SAF) no Concello de Viveiro, como prestacións básicas do Sistema Público de Servizos Sociais que proporcionan unha serie de atencións ou cuidados de carácter persoal, doméstico, psicosocial, educativo, técnico e comunitario, prestadas dentro ou fora do domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar dos cidadáns de Viveiro.

Artigo 2. Obxectivos

O **obxectivo xeral** do SAF é promover unha mellor calidade de vida das persoas, potenciando a súa autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio contorno familiar e socio comunitario.

Partindo deste obxectivo xeral, podemos destacar os seguintes **obxectivos específicos** do Servizo de Axuda no Fogar:

- 1.- Favorecer a permanencia das persoas no seu contorno habitual o maior tempo posible e co maior grao de calidade de vida.
- 2.- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares que permitan o máximo grao de autonomía.
- 3.- Mellorar o equilibrio persoal do individuo fortalecendo a colaboración coas redes naturais de apoio, especialmente da familia, previndo posibles problemas de afastamento e soidade.
- 4.- Atender situacións conxunturais de crise persoal e/ou familiar que afecten á autonomía persoal ou social.
- 5.- A promoción de formas de apoio social comunitario de tipo voluntario que contribúan ó acompañamento de persoas atendidas.
- 6.- Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes ou de crise familiar.
- 7.- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- 8.- Ofrecer cuidados e intervencións de carácter socio educativo a unidades familiares con menores a cargo e outras situacións obxecto de intervención social.



9.- Proporcionar períodos de descanso ao cuidador. Respiro familiar.

10.- Ofrecer apoio e formación aos cuidadores.

CAPITULO II .- TIPOLOXÍA DAS ATENCIÓNS

Artigo 3.- Contido do Servizo.

O SAF ten a consideración de prestación básica, que non exime á familia das súas responsabilidades, se non que as reforza e as complementa, con planificación, coordinación e control público, a través de persoal cualificado que presta unha serie de atencións ou cuidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, ás familias e persoas con dificultades para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolle a posibilidade de continuar no seu contorno habitual, mentres isto sexa posible e axeitado.

De conformidade coa valoración realizada polos servizos sociais, no marco da axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico e/ou complementario, de acordo coa seguinte tipoloxía:

1.- Atencións de Carácter Básico.-

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no cuidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio ou axuda para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espaciais temporais.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas, tratamentos ou a outras actividades de ocio e/ou convivencia social.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e cuidado das prendas de vestir.



- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo tales como:

Intervencións técnico profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Atencións de Carácter Complementario, que poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atencións:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Respiro familiar, segundo o establecido pola lexislación vixente.
- c) Prestacións de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d) Prestacións que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral.
- e) Adaptacións funcionais do fogar.
- f) Servizo de podoloxía.
- g) Servizo de fisioterapia.
- h) Servizo de lavandería, servizo de xantar na casa.

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4.- En todo caso as atencións prestadas, terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

- 5.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención (anexo II) e no acordo de servizo (anexo III).
 - Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 4.- Persoas destinatarias

De acordo co establecido no artigo 5 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o servizo estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato así como os fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socio educativo. Tamén poderá dar unha



resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social, ou que precisen unha medida temporal de apoio para a consecución dun fin establecido nun proxecto de intervención social.

En todo caso darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Os criterios para a concesión do servizo rexeranse polos seguintes aspectos:

- Autonomía persoal para a realización das actividades.
- Situación socio-familiar.
- Outras: menores a cargo, accesibilidade.

CAPITULO III - DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 5.-Dereitos das persoas usuarias

○

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable, artigo 6 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e normativa vixente terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 6.-Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais e normativa vixente, terán os seguintes deberes:

1. Residir efectivamente no domicilio e no termino municipal de Viveiro
2. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
3. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
4. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.



5. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais. Observar unha conducta baseada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor con vivencia.
6. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
7. Manter informado sobre os aspectos relativos á súa saúde para mellorar a súa atención, e permitir adoptar as medidas preventivas que se requiran.
8. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
9. Poñer a disposición do persoal do programa os medios, útiles ou ferramentas necesarios e imprescindibles para a prestación do servizo (deterxentes, utensilios de limpeza...)
10. Manter animais domésticos libres de parasitos e debidamente vacinados.
11. Comunicar enfermidades infecto contaxiosas para tomar medidas de protección necesarias para os profesionais e facilitar datos médicos co obxecto de cumprir a normativa de prevención de riscos laborais.
12. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo

CAPITULO IV - ACCESO O SERVIZO

Artigo 7.- Modalidades de Acceso ao Servizo

O acceso ao servizo producirase, segundo o artigo 13 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar, a través dos servizos sociais comunitarios básicos, de acordo coas seguintes modalidades:

1.- Acceso DIRECTO :

Para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (PIA), consono o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establece os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación de intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

Trátase dun SAF de carácter preventivo cunha temporalidade indefinida.

SAF – Dependencia para respiro: Igual modalidade que o anterior pero con menor intensidade. Orientado a proporcionar un apoio de respiro a familias, aos cuidadores, etc.



A resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.(orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar)

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

2.- Acceso de LIBRE CONCORRENCIA :

a) Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais comunitarios, que se resolvera en réxime de libre concorrència de acordo cos criterios establecidos nesta ordenanza.

Trátase dun SAF de carácter preventivo cunha temporalidade definida no proxecto de intervención (anexo II) e unha intensidade de atención non superior 50 horas/mes.

A súa renovación estará suxeita a revisión.

b) De igual maneira á expresada no punto anterior procederáse nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos de convivencia e socio educativos e comunitarios.

Nos supostos recollidos nos apartados a) e b) deste artigo empregárase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida, e que se recolle no anexo 1 desta ordenanza.

3.- Acceso por URXENCIA SOBREVENIDA.

A alta deberá producirse nun prazo inferior a 72 horas. A duración non superará os 3 meses salvo prescrición técnica debida e motivada. Transcorrido o prazo (3 meses) para manter a alta no servizo, deberá acudir ás condicións requiridas para a libre concorrència ou acceso directo, segundo o caso.

Artigo 8.- Criterios de Organización e Procedemento

1.- O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios básicos de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e será coordinado por un/unha profesional cunha cualificación mínima de diplomado en traballo social, do equipo de traballo de servizos sociais do Concello de Viveiro.



2.-O procedemento a desenvolver na modalidade de **ACCESO DIRECTO** (SAF dependencia) ao servizo a través da resolución do PIA será a seguinte:

2.a.- Rexistro de entrada da resolución do PIA.

2.b.- Derivación á UTS correspondente en función do domicilio do usuario, que recabará información sobre a dispoñibilidade de praza efectiva..

2.c.- O persoal técnico da UTS, como cumprimento do artigo 14 3 c) da orde do 22 de xaneiro de 2009 *pola que se regula o servizo de axuda no fogar*, ou lexislación vixente procederá a realizar visita domiciliaria para a apertura do expediente o proxecto de Intervención (anexo II) e informe social no que fará constar a capacidade económica da persoa usuaria e, de se lo caso, a cota de cofinanciamento que lle corresponda.

2.d.- En caso de desistimento da persoa interesada, esta expresará por escrito dita circunstancia, que será notificada á Xunta de Galicia.

Se ten que participar no cofinanciamento do servizo, deberá incorporar ao expediente unha orde de domiciliación bancaria, e por cada cargo correspondente ao servizo de atención domiciliaria recibido, remitiráselle un recibo ou carta de pago por parte do Concello

No caso de pasar á lista de agarda notificarase esta situación coa puntuación obtida o/a interesado/a á UTS, e á entidade prestadora do servizo.

2.f.- O servizo iniciarase previa presentación do persoal da entidade prestadora do servizo por parte da UTS.

3.- No acceso en LIBRE CONCORRENCIA será de aplicación o seguinte:

3.a) O procedemento iniciarase por instancia de parte, mediante a solicitude, e documentación requirida, que se presentaran en modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello, sen prexuízo do previsto no artigo na lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Dita solicitude irá asinada pola persoa interesada ou representante legal e, na mesma reflectirase a prestación ou prestacións que solicita do SAF.

3.b) As solicitudes serán derivadas á UTS, onde o persoal técnico, como cumprimento do artigo 14 3 c) da orde do 22 de xaneiro de 2009 *pola que se regula o servizo de axuda no fogar*, ou lexislación vixente, procederá a realizar visita domiciliaria para a apertura do expediente¹, o proxecto de Intervención (anexo II) e informe social no que fará constar a capacidade económica da persoa usuaria e, de se lo caso, a cota de cofinanciamento que lle corresponda.



3.c) A solicitude, resolverase por decreto do/a alcalde/sa, quen pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Transcorrido un prazo máximo de tres meses, a contar dende o día seguinte a o que fora completada a documentación preceptiva, sen formalizarse dita resolución a persoa interesada deberá entender denegada a súa solicitude.

A resolución sobre a decisión, será motivada e deberá conter, entre outros, os seguintes extremos:

- 1.- Aprobación ou denegación do servizo.
- 2.- Condicións da concesión, indicando polo menos:
 - As atencións aprobadas.
 - Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda especificando a puntuación obtida.
 - Intensidade horaria: número de horas de atención mensual.
 - Prezo público do servizo que satisfará a persoa beneficiaria.
 - Coste directo do servizo que satisfará o Concello.
- 3.- Información sobre os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que presentalos e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que o/as interesado/as poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

A resolución de aprobación que se dite, notificarase á persoa interesada ou representante legal da mesma, á Unidade de Traballo Social e á entidade prestadora do servizo.

En caso de denegación, farase constar as causas que orixinaron dita resolución e serán notificadas á persoa interesada ou representante legal da mesma e á Unidade de Traballo Social

Ademais da resolución á que se refire o punto anterior, porá fin ó procedemento o desistimento, a renuncia, a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continuo servizo pola aparición de causas sobrevidas.

3.e).- Unha vez aprobada, e existindo disponibilidade de praza no servizo, notificarase á persoa interesada ou representante legal da mesma, á Unidade de Traballo Social, e á entidade prestadora do servizo, o alta efectiva do servizo que se producirá segundo o caso en no prazo convido.

3.f). Unha vez notificadas a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do Concello e a persoa usuaria ou representante legal da mesma, as condicións básicas da prestación que se substanciarán no acordo de servizo (anexo III). A súa sinatura posibilitará o inicio da prestación do/s servizo/s concedido/s.



Se ten que participar no cofinanciamento do servizo, deberá incorporar ao expediente unha orde de domiciliación bancaria, e por cada cargo correspondente ao servizo de atención domiciliaria recibido, remitiráselle un recibo ou carta de pago por parte do Concello.

4.- Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio. Se sé inicia de oficio, deberá garantirse na súa tramitación os requisitos e circunstancias documentais fixados para o caso de iniciarse a instancia de parte.

5.- No caso de extrema e urxente necesidade sobrevenida, debidamente xustificada, a traballador/a social da UTS propondrá a inmediata concesión e inicio da prestación sen que a solicitude e a documentación estea debidamente cumprimentada, mediante resolución motivada do/a alcalde/sa ou do membro da corporación local delegado/a de servizos sociais.

Poderase iniciar previa solicitude e/ou de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a instancia da xefatura de servizo de Servizos Sociais, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente, comunicando á entidade prestadora do servizo o seu inicio cun prazo máximo de 72 horas.

6.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais comunitarios deste Concello. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

7.- No caso de tratarse de intervencións de carácter socio educativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, un técnico medio ou superior do equipo de servizos sociais especialista en intervención familiar.

Artigo 9.- Requisitos

Para solicitar os servizos de atención domiciliaria deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no municipio de Viveiro e ter residencia no mesmo.
- Aportar a documentación esixida.
- Ser valorado como recurso idóneo a aplicar polo equipo de servizos sociais

Artigo 10.- Documentación

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
- No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación e documento acreditativo da representación invocada (copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal, ou



apoderamiento notarial); e , en caso de non presentar os documentos precedentes deberá cubrir unha declaración de gardador de feito segundo modelo oficial que lle facilitará o departameto de Servizos Sociais. compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación.

- Fotocopia do libro de familia, no caso de menores de idade.
- Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
 - Xustificante dos ingresos da persoa solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes, e fillos maiores de 25 anos con discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores (segundo o establecido no artigo 20 da presente ordenanza)a través dalgunha da seguinte documentación:
 - Certificado de pensión do Organismo competente.
 - Certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción, ou non, de prestacións de ser o caso.
 - Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso.
 - Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso.
 - Autorización ó Concello , a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria.
 - Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, sobre o patrimonio ou certificación acreditariva dos datos contidos nelas . En caso de non estar obrigado á súa presentación , certificado de imputacións do IRPF expedido pola delegación da Axencia Tributaria correspondente e certificado de presentación negativo no caso do imposto sobre o patrimonio. Esta información poderá obterse de xeito informático polo Concello logo da autorización dos interesados. Teráanse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible .
 - Xustificante das cargas e gravames que diminúan o valor do patrimonio, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Non forma parte do patrimonio a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.
 - Nos casos de acceso directo ao servizo, copia da resolución do PIA acreditativa da concesión da prestación do servizo en modalidade SAF, ou SAF Respiro.

As persoas que padezan algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial presentarán o certificado do organismo público onde se recoñeza a citada discapacidade e/ou invalidez

- Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
- No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: documento acreditativo da representación invocada (copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal ou poderamento notarial); en todo caso, fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación. No caso en que non existan os documentos precedentes



deberá asinar unha declaración formal de gardador de feito segundo modelo oficial que lle facilitará o departamento de Servizos Sociais.

Con independencia desta documentación o Concello poderá esixir os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa prestación solicitada.

O persoal de Servizos Sociais recabará de oficio, por si mesma, a través doutros departamentos municipais o extra municipais información relativa ó cumprimento dos requisitos de empadramento e daqueles outros indispensables que non se acreditaran suficientemente.

O Concello reservase as actividades inspectoras que estime convenientes sobre os datos achegados e relacionados co Servizo que se solicita.

Artigo 11.- Subsanción da solicitude.

Si a solicitude non reunise os requisitos que sinala o artigo 70 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/99, ou non se acompañase de algúns dos documentos esixidos na referida normativa, requirirase ao/á interesado/a para que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 12.- Establecemento da Lista de Agarda

En caso de ausencia de prazas, a solicitude aprobada pasará a unha lista de agarda que se ordenará por orde da puntuación obtida

Artigo 13.- Causas de denegación.

A denegación da solicitude procederá por algunha das seguintes causas:

1. Non cumprir os requisitos esixidos.
2. Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo SAF.
3. Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto a prestacións e achega económica
4. Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador.
5. Persistir as circunstancias que motivaron a denegación do servizo con anterioridade.
6. Calquera outra causa debidamente motivada.

Artigo 14.-Causas de extinción e modificación do servizo.

- 1.- **Son causas de extinción** do servizo de axuda no fogar, as seguintes:



- a) Por renuncia ou desestimento da persoa usuaria, surtindo efectos dende o derradeiro día do mes no que se notifique.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención (anexo II) que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello ou por un período de 3 meses a outro domicilio.
- d) Falecemento da persoa usuaria ou ingreso en residencia.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- h) Aparición de causas sobrevidas que produzan a imposibilidade material de continuar coa prestación do servizo.
- i) A ausencia inxustificada do domicilio por tempo superior a un mes.
- j) Atoparse en situación de suspensión do servizo por un período superior a tres meses.
- k) Melloría da situación ou superación das causas que orixinaron a intervención do SAF.

2.- Causas de modificación.-

- a) Con carácter xeral a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe e acordo de servizo(anexo III).
- b) As persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia, e fosen valoradas con posterioridade correspondéndo-lles a efectividade do dereito, poderán ver modificadas as condicións da prestación do servizo conforme ao establecido no programa individual de atención e a normativa de aplicación.
- c) As modificacións tamén poderán producirse a petición da persoa interesado/a, mediante solicitude subscrita pola mesma e coa valoración do/a traballador/a social da unidade técnica de servizos sociais, á vista dos posibles cambios da situación que motivou a concesión.

3.- Causa de extinción ou modificación.- Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención



Artigo 15.-Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. **Ausencia temporal do domicilio:** o servizo poderá suspenderse por causa xustificada por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Procederase á reanudación inmediata do servizo a petición dos/as interesados/as, naqueles casos en que sufragasen durante a súa ausencia, o abono do 25% das tarifas que lle corresponderían si estiveran de alta.

Nos casos restantes, pasará a lista de agarda coa puntuación de orixe. No caso de empeoramento da súa situación realízase unha nova valoración por parte do persoal técnico de servizos sociais.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Todas as extincións, modificacións e ou suspensións efectuadas sobre a prestación de SAF, cumprimentarase nun documento asinado pola/o traballador/a social do SAF, e conterá os datos de identificación da persoa usuaria, as datas e os motivos polos que se orixinan as mesmas.

O órgano correspondente dictará a resolución na que constará o motivo e a data de efecto da mesma, así como anuncio sobre os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que presentalos e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

Artigo 16.- Coordinación e Seguimento

O programa de axuda no fogar esixe unha coordinación permanente a tres niveis:

- Interna co persoal técnico dos SSSS comunitarios.
- Externa coa entidade ou entidades prestatarias para o inicio, seguimento e avaliación da prestación.
- Con outros axentes que interveñan no servizo.

O Servizo de axuda a domicilio concedido a cada usuario/a será obxecto de seguimento periódico para valorar:

1. A consecución dos obxectivos programados.
2. A adecuación do tempo e intensidade da axuda.



3. A satisfacción da persoa beneficiaria

Unha vez iniciado o servizo, levarase a cabo o seguimento polo equipo técnico ou profesionais do SAF, que poderán recadar información complementaria da persoa usuaria, do persoal auxiliar de Axuda a Domicilio e/ou a través do persoal Coordinador das entidades prestadoras, que se reflectirá no expediente correspondente.

A persoa que exerza como responsable técnica garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención (anexo II) e no acordo de servizo (anexo III). Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual.

As solicitudes que no seu caso se atopen en lista de agarda, de igual modo serán periodicamente revisadas coa finalidade de que as mesmas estean permanentemente actualizadas.

Artigo 17.- Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, todos os días da semana incluídos festivos, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

Cando se necesiten dúas auxiliares para a realización do servizo ao mesmo tempo computarase o tempo do servizo de cada unha delas.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar ás persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, ten carácter indefinido e estará determinada no seu programa individualizado de atención, trala valoración do seu grao e nivel. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención (anexo II), de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 3 punto 1a) todos os días da semana.

Cando a persoa usuaria manifeste o desexo de dispoñer de menos horas do mínimo do intervalo que marca a lei para o seu grao e nivel, ou así se acorde entre a persoa usuaria e o seu/súa traballador/a social, deberá facerse constar por escrito e será engadido ao seu expediente.

3.- As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar en libre concorrência ou por urxencia sobrevenida a temporalidade e a intensidade virá prescrita polos SSSS comunitarios e definida no seu proxecto de intervención (anexo II) e terán unha duración máxima de 50 horas mensuais de atencións, non superando 2 horas/día, salvo prescrición motivada que deberá constar no devandito proxecto de intervención.

CAPITULO VI - REXIME SANCIONADOR: FALTAS E SANCIÓN



Artigo 18.- Réxime sancionador

O réxime sancionador será o establecido no Título X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

CAPÍTULO VII.- REXIME ECONOMICO E FINANCEIRO

Artigo 19.- Réxime das achegas

O servizo de axuda a domicilio no Concello de Viveiro financiarase a través das achegas económicas das administracións públicas pertinentes, o recursos municipais previstos no orzamento municipal municipal, e as achegas das persoas usuarias en aplicación dos baremos aprobados polo Concello.

- a) A Achega municipal cuantificarase a través da correspondente partida segundo o previsto anualmente no orzamento municipal.
- b) A persoa beneficiaria do servizo aportará o precio público calculado conforme ao establecido na ordenanza municipal correspondente, cumprindo co establecido no Art. 56 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que faculta ás administracións públicas a establecer a participación das persoas usuarias na financiación de servizos do Sistema Público de Servizos Sociais.

Artigo 20.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela e solicite o servizo.
2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.
3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder.



Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

7. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. O Concello de Viveiro establecerá os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

10. No nivel de renda dos beneficiarios, e de acordo ao establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 39/2006, non se terán en consideración como renda a contía das prestacións públicas vinculadas ao servizo para coidados no contorno familiar e de asistencia personalizada que se derivan da aplicación deste texto legislativo.

Artigo 21.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

1. Quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo a persoa usuaria cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) que cada ano publique o goberno na Lei de presupostos do Estado.

2. Para o resto dos supostos, establececese a seguinte regulación progresiva do copagamento do servizo, fixada na ordenanza fiscal correspondente actualizada segundo o IPREM; e que deberá respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala:

- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 150 do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 10% e un máximo do 13% do custo do servizo.



- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 150% pero que non exceda o 200% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 13% e un máximo do 15% do custo do servizo.
- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 200% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 15% e un máximo do 20% do custo do servizo.
- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda o 400% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 30% do custo do servizo e un máximo do 45% do custo do servizo.
- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 400% pero que non exceda o 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 40% do custo do servizo e un máximo do 60% do custo do servizo
- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 40% do custo do servizo e un máximo do 65% do custo do servizo

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

4.- As liquidacións de prezos practicaranse por meses naturais aboándose nos quince primeiros días naturais do mes seguinte. O abono efectuarase mediante cargo na conta bancaria que a persoa solicitante dos servizos de axuda a domicilio facilitará no impreso normalizado que a tal efecto que acompaña á solicitude.

5.- O baremo con que calcular a achega da persoa usuaria polas atencións domiciliarias será obxecto de actualización segundo a contía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A Axuda no Fogar do Concello de Viveiro, é de titularidade municipal, e será coordinado polos Servizos Sociais Municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Corresponde á Alcaldía ou á Xunta de Goberno Local, en caso de delegación a facultade de interpretar as disposicións contidas nesta ordenanza así como a redacción das instrucións que foran necesarias para a súa correcta interpretación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O SAF no Concello de Viveiro adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

Derógase a Ordenanza fiscal 25 reguladora da Tasa polo servizo de asistencia a domicilio e se acorda o establecemento dun prezo público de acordo coa seguinte regulación :

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º. Concepto

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación básica de servizos sociais de atención primaria.

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quen solicite ou se beneficie da prestación do Servizo de Axuda a Domicilio. Para ser beneficiario do Servizo , estarase ó establecido no Regulamento municipal do Servizo de Axuda a domicilio.

Artigo 4º. Contía

A contía do prezo público tomará como referencia o coste do servizo determinado, que para o ano 2009 é de 11,25€, en caso de xestión indirecta do servizo, polo importe facturado ó Concello pola empresa que preste o servizo e aqueles outros costes nos que se incurra para a prestación do servizo.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó indicador público de rendas de efectos múltiples(IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 100% pero que non exceda o 150% do IPREM, asumirán o 10 % do custo do servizo.
3. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 150% pero que non exceda o 200% do IPREM, asumirán o 13 % do custo do servizo.
4. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 200% pero que non exceda o 300% do IPREM, asumirán o 20 % do custo do servizo.
5. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 300% pero que non exceda o 400% do IPREM, asumirán o 30 % do custo do servizo.
6. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 400% pero que non exceda o 500% do IPREM, asumirán o 60 % do custo do servizo.



7. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 500% do IPREM, asumirán o 65 % do custo do servizo.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.
2. As liquidacions practicaránse por meses naturais nos primeiros quince días de cada mes. O pago do prezo farase nos primeiros quince días do mes natural seguinte..
3. O pagamento efectuaráse mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.
4. A achega dos usuarios do servizo será obxecto de actualización segundo a coantía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Municipal reguladora do SAF publicada no BOP do día 30 de setembro de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL

De acordo co artigo 49 da Lei de Bases do Réximen Local, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, abrirase un prazo de exposición ó público e de audiencia ós interesados de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Corresponderá ó Pleno a resolución de as reclamacións e suxerencias e a aprobación definitiva . De non haber reclamacións e suxerencias , elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación do Pleno.

Unha vez publicado o texto íntegro do actual Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor transcurridos 15 días hábiles dende a recepción do acordo pola Xunta e a Administración Xeral do Estado permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ANEXO I

Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia. As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), **non poderán acceder polo sistema de libre concorrência.**

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte táboa:

Factor 1: autonomía persoal (máximo total 40 puntos)

Táboa de equivalencia para a valoración do nivel de autonomía persoal.

Falta de autonomía pero pendente de valoración	De 33 % a 64 % de discapacidade	De 65 % a 74 % de discapacidade	75 %-100 %		81 %-87 %		88 % - 93 %		94 % - 100 %	Grao de discapacidade, sen valoración de ATP ou BVD
			75 % - 100 % discapacidade e ata 14 pts ATP		75 % - 100 % discapacidade e 15-29 pts ATP		75 % - 100 % discapacidade e 30-44 pts ATP		75 % - 100 % discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa (RD 1971/1999)
			75 % discapacidade e ata 24 pts BVD	25-39 pts. BVD	40-49 pts BVD	50 - 64 pts BVD	65 - 74 pts BVD	75 - 89 pts. BVD	90 - 100 pts BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD 504/2007)
				Grao I, nivel 1	Grao I, nivel 2	Grao II, nivel 1	Grao II, nivel 2	Grao III, nivel 1	Grao III, nivel 2	Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
5 pts	5 pts.	10 pts.	14 pts.	20 pts.	24 pts.	30 pts.	32 pts.	38 pts.	40 pts.	Puntuación nivel de autonomía persoal
TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL										



Factor 2: apoio social (máximo total 20 puntos)

Factor 3: situación familiar/socialización menores (máximo total 20 puntos)

2.1 Vive soa			
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)		pts	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)		pts	
TOTAL PTS			
2.2 Convive con alguén			
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)	pts	pts
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)	pts	
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)	pts	
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	pts	
3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)		pts	
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)			
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)			
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)			
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)			
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)		pts	
Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións os menores (2 puntos)			
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)		pts	
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)			
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)		pts	
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)			
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)		pts	
Un menor (3 puntos)			
Dous menores (5 puntos)			
Tres menores (7 puntos)			
Catro ou máis menores (10 puntos)			



TOTAL PUNTOS SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES	PTS
--	------------

Factor 4: outros aspectos sociais (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)	PTS
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (6 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (2 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (2 puntos)	

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)	
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

TOTAL PUNTOS OUTROS ASPECTOS SOCIAIS	Pts
---	------------

RESUME	PTS
FACTOR I: Total puntos autonomía persoal	
FACTOR II: Total puntos apoio social	
FACTOR III: Total puntos situación familiar/socialización menores	
FACTOR IV: Total puntos outros aspectos sociais	

TOTAL XERAL	Pts
--------------------	------------

1. Datos de identificación do expediente:

Nº Expediente 1..... Intervención nº1..... Data solicitud...../...../..... Data de inicio...../...../.....
Sector de referencia ³..... Ámbito de atención ³.....
Nº Usuarios..... Nome e Apelidos.....
Data de nacemento...../...../..... DNI..... Sexo..... Estado civil.....

Proxecto:

Data de proxecto...../...../..... Data fin de proxecto...../...../.....

Antecedentes relevantes:



2. Atención que se prestará:

Nº de horas mensuais.....

suais.....

DIAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
HORAS							

Perfil dos/as profesionais:

.....

Tipo de servizo a prestar⁴:

Outros servizos:

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:

Exist a: SI NO

Nº de horas semanais:..... Servizos/apoios:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen.

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán :

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual):

Técnico responsable:

Asdo. I

1 Identificación do expediente en SIUSS

2 Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

3 Tipoloxía SIUSS

4 Pódese empregar a tipoloxía SIUSS



**ANEXO III
Servizo de axuda no fogar
Acordo de servizo**

Reunidos no Concello de Viveiroa o día/...../.....dunha parte don/dona
..... con DNI.....e doutra don/dona
....., en calidade de técnico responsable do servizo de axuda no fogar de
.....

ACORDAN:

1. Que o Concello de Viveiro prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día do de 20.....
2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizarase por un prazo, con posibilidade de prórroga segundo valoración da unidade técnica de Servizos Sociais.
3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana, en horario De.....; por un total dehoras mensuais.
4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza municipal que regula o prezo público do SAF e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar€ mensuais como contribución ao custo do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento do prezo público do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal	
Atencións persoais en outras actividades	
Atención de carácter doméstico:	
Atencións de carácter Psicosocial ativo	
Atencións de carácter técnico e comple	



7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

.....
.....
.....
.....

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:.....

.....
.....
.....

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínoo.
..... de de 20.....

A persoa usuaria

O técnico responsable “

7º.- MOCIÓNS DO PP RELATIVAS A:

7.1.- AMPLIACIÓN DE CARRIL E SINALIZACIÓN DE TRÁFICO NA AVDA. MARTÍN LEDESMA.

Polo Concelleiro do PP, D. Juan José Pardo Gato, dáse lectura á moción que textualmente dí:

“As normas de carga e descarga de transporte escolar reguladas polo Real Decreto 443/2001 de 27 de abril, indican as responsabilidades dos transportistas dos centros onde se escolarizan os menores e dos donos das vías públicas, da sinalización e dos controis de velocidade nas mesmas.

Na avenida de Martín Ledesma, onde deben parar os autobuses de transporte escolar dos institutos existe un tramo de vía que va dando a rotonda ata o paseo marítimo que non cumpre as normas debidas e ten un gran risco de que nela se produza un accidente escolar polas seguintes razóns:

Sobre a beirarrúa baixan cada día cerca de mil alumnos, esta beirarrúa estreita para o tránsito normal, ten que soportar ademáis este grupo de alumnos nun curto espazo de tempo, sen espazo suficiente. Existe un risco latente de accidente, pois ao ser tan esterita os alumnos invaden a estrada e poden ser atropelados polos vehículos.



Aínda máis grave é o caso do estreito da calzada que xa sendo estreita para dobre sentido de circulación de vehículos, non poden pasar durante os tempos de espera dos autobuses de transporte, na que pode haber ata dez autobuses estacionados ao longo desta vía. Como non está sinalizada para este fin, algúns vehículos particulares estacionan neste horario polo que alonga máis o espazo necesario para os autobuses escolares, que teñen que buscarse sitio lonxe da saída dos alumnos e, polo tanto, aumenta o risco.

Vista esta múltiple situación de risco e considerando que a poboación escolar debe ser prioritaria á hora de realizar obras públicas de mellora, propoñemos á aprobación do Pleno:

1. Ampliación do ancho desta vía cun carril específico ao longo da mesma para que nel se estacionen os autobuses de transporte escolar e se permita a libre circulación de vehículos pola calzada. Así mesmo, realizar unha ampliación do ancho da beirarrúa.
2. Sinalización deste tramo vertical e horizontal, con límite de velocidade, paso de peóns e demais distintivos, segundo a normativa urbanística do Concello.”

A seguir, polo Sr. Alcalde se manifesta que isto xa lle soa hai máis de vinte e dous anos e xa se presentou cando estaba o Sr. Veiga. Indica que votarán a favor se pola Consellería de Educación se permite facer un tercer carril.

Intervén, a continuación o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que manifesta que está conforme coa moción do PP, xa que hai moito perigo pero tamén sabemos que coas normas actuais, os técnicos non o van a considerar viable proceder á ampliación.

Seguidamente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que está de acordo coas argumentacións xa que é unha zona de risco polo tráfico, pero se pregunta: ¿como se instalará un tercer carril?, ¿en que terreos se vai facer....?, tamén considera importante delimitar una zona para aparcamento dos autobuses.

Intevén novamente o Sr. Alcalde para indicar que está conforme coa moción sempre que Educación deixe os terreos para facer un tercer vial. e solicitar tamén que os autobuses estean autorizados a entrar dentro do recinto escolar.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría, de dezaséis votos a favor, que resultan ser: PP. PS de G-PSOE e BNG e unha abstención: IU-EU, acorda prescribir aprobación á dita moción, condicionado a que pola Consellería de Educación se permita facer un terceiro carril e deixen o terreo.

7.2.- ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO EN CANTARRANA-COVAS.

Polo Concelleiro do PP, D. Juan José Pardo Gato, dáse lectura á moción que textualmente dí:

“O crecemento da nosa Cidade, na zona de Cantarrana, foi moi alto nos últimos tempos e, polo tanto, a regulación do urbanismo nese núcleo debe de ser un tema de especial atención por parte do Concello, a fin de lograr o máximo confort e calidade de vida para os cidadáns. Algunhas accións pódense realizar con baixo custo e ter un gran aproveitamento para a poboación.



Na zona de A Parrela temos unha realidade que é un solo urbano de 3.712 m². que non cumpre o previsto inicialmente, tamén unha rúa estreita e sen saída que non permite unha fluidez no tráfico. Ao tempo, este crecemento de actividade na zona, demanda aumentar a capacidade de aparcamentos para vehículos, favorecendo así o desenvolvemento da actividade comercial crecente na zona.

O colexio de Covas, ao que todos os cidadáns teñen que asistir, ten a vía de acceso bastante limitada, dende a estrada principal, pola rúa Osorio Páramo. Sería moi interesante, ao entender dos concelleiros do Partido Popular, dotar a esta zona dunha vía interior de acceso que mellore o tránsito peonil, ademais de permitir unha fluida circulación de vehículos coa correspondente mellora na seguridade dos pequenos cando asisten á escola.

Existe proximidade entre estes dous puntos, polo que é fácil abrir unha conexión urbanizada como rúa que permita as referidas melloras; polo que solicitamos o apoio para o seguinte proxecto, consistente en:

1º.- Realizar as variacións urbanísticas necesarias para construír un estacionamento en batería na periferia da zona verde existente na parte traseira do edificio “Parquemar”.

2º.- Abrir unha vía, con dobre sentido de circulación e beirarrúas entre a terminación da rúa A Parrela e o centro de Educación Primaria de Covas, e dando servizo ao aparcamento antes referido, na periferia do estacionamento.”

Seguidamente, polo Sr. Alcalde, dí que se van opoñer como Moción pero vámolos ter en conta para que se recolla na redacción do novo Plan Xeral..

A continuación, polo voceiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, manifestase que é unha saída importante para recoller e incluír na redacción do Plan Xeral xa que non é viable facelo agora.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dicindo que esta Moción se presenta tarde, e o meu voto vai a ser en contra.

Polo edil do PP, Sr. Pardo Gato, faise constar que hai que mirar cara a diante e non para atrás, estamos a buscar solucións e melloras.

Sometida a votación, prodúcese o seguinte resultado: Votos a favor, sete, que resultan ser do PP. Votos en contra dez, que resultan ser: PS de G.-PSOE, BNG e IU-EU, polo o Pleno da Corporación, acorda desestimar a dita moción.

8º.- PROPOSTA DO PP SOBRE SUBVENCIONS ÁS DISTINTAS COMISIONS DE FESTAS DO CONCELLO.

Polo Concelleiro do PP, D. Jesús Fernández Fernández, da lectura da proposta que íntegramente dí:

“PROPONE:

Al Equipo de Gobierno del Concello de Viveiro que se estudie la posibilidad de establecer un reglamento para el reparto de las subvenciones a las distintas Comisiones de Fiestas de todo el Ayuntamiento, de una manera similar a la que se hace para las Asociaciones Deportivas, con el fin de hacer un reparto equitativo para que se puedan celebrar las fiestas en todas las Parroquias y no



afrontar el propio Concello la organización de festejos distintos de los de los propios de la localidad.”

O Sr. Alcalde fai saber que as organizacións de festexos son difíciles de levar a cabo e que o Concello vese na obriga de colaborar cos veciños e coas parroquias, facilitando axudas, alumeados, arranxo de pista etc., e ven en rematar a súa intervención propoñendo estudar a posibilidade de establecer un regulamento para o reparto de axudas ás distintas Comisións de Festas, e que cada Parroquia poida contar cunha partida expresa do Concello destinada para estas actuacións.

E o Pleno da Corporación, por maioría de dez votos en contra e sete favor acorda desestimar a devandita moción; non obstante, terase en conta para un estudo máis exhaustivo,

9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das Resolucións asinadas que constan dende o último Pleno ordinario, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda darse por informado das Resolucións da Alcaldía.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A seguir, polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas, que transcritos, literalmente dín:

1.- A Empresa R presentou o correspondente proxecto para poder ofrecer o Servizo de Telecomunicación por cabo no mes de agosto de 2007.

PREGUNTA:

Cal é a situación do expediente?.

Por que non se resolveu esta cuestión?:

Que previsións existen para que esta empresa poida prestar servizos en Viveiro?.

O Sr. Alcalde resposta, por escrito, o seguinte:

INFORME TRAMITACIÓN LICENZA DE OBRAS 239/2007

R

- R. Solicita licenza o 22 agosto 2007

- En fecha 6 de setembro de 2007 requíreselle-oficio de dirección de obra e proxecto arqueolóxico.

- En fecha 21 de setembro de 2007 informe do arquitecto municipal, onde se apuntan a necesidade das distintas autorizacións previas e informes sectoriais:

AUTORIZACIÓN PREVIA

-PATRIMONIO



INFORMES SECTORIAIS

- PORTOS DE GALICIA
 - COSTAS
 - FEVE
 - AUGAS DE GALICIA
 - ESTRADAS
- Comunícaselle ao interesado en fecha 28 de setembro do 2007.
- R. Entrega documentación con fecha 25 de outubro de 2007.
- Infórmase favorablemente o 31 de outubro polo arquitecto municipal, quedando pendente a presentación das autorizacións sectoriais e previas.
- Vólveselle a enviar requirimento de documentación en fecha 5 de novembro de 2007 ao non aportarse a documentación correcta.
- R Aporta o 15 de abril de 2008 parte da documentación requirida anteriormente.
- O 9 requíriuselle novamente pola documentación restante.
- O 12 de maio de 2008 envíase o expediente a patrimonio.
- O 4 de xullo de 2008 patrimonio resolve non autorizar as obras propostas en tanto non se presente a documentación requirida.
- O 16 de xullo de 2008 o interesado recibe a notificación da resolución de patrimonio.
- R Aporta a documentación requirida en fecha 28 de maio de 2009.
- A documentación aportada resulta incompleta polo que se lle envía novo requirimento en fecha 9 de xuño de 2009.
- R Aporta a documentación en fecha 30 de xuño de 2009 para o seu envío a patrimonio.”

2.- Calquer veciño/a pode comprobar que se incumpren os horarios para depositar as bolsas de lixo nos contedores. Tamén é posible que se utilicen estes contedores para botar restos de peixe. O certo é que nas proximidades destes contedores de lixo hai un desagradabel cheiro.

PREGUNTA:

Ten intención a alcaldía de ordenar á Policía Local que faga un seguimento do cumprimento das Ordenanzas Municipais no tocante ao horario de depósito das bolsas de lixo?.

Cónstalle á Alcaldía que se utiliza inecuadamente este Servizo botando restos de peixe aos contedores?.

Faise un seguimento do lavado de contedores pola Empresa que xestiona o Servizo?

O Sr. Alcalde resposta que a empresa encargada comunica a limpeza e lavado dos colectores de lixo, pero tamén hai unha Ordenanza que se ten que cumprir polos cidadáns e os horarios para



arroxar a basura en bolsas perfectamente pechadas. Referente aos Gardias municipais, non poden estar vixiando os colectores de lixo é un problema de civismo dos veciños.

3.- O Concello de Viveiro veu programando nos últimos anos actividades culturais subvencionadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galiza.

PREGUNTA:

Programou para o ano 2009 o Concello de Viveiro a actividade cultural que se viña ofrecendo, nomeadamente no Teatro Pastor Díaz (antes “circuitos culturais”)?

Se non programou esta actividade subvencionada, cales foron os motivos?.

O Sr. Alcalde contesta, que todas as actividades lúdicas, culturais e de teatro incluídas, presentaranse no cuarto trimestre e Viveiro abarca unha máxima actividade cultural que se reflicta en todos os programas.

4.- Hai xa máis dun ano que existía un compromiso por parte do Concello para xestionar a adquisición dos terrenos destinados á construción do novo Albergue de Area. Tamén existía o compromiso da Dirección Xeral de Costas para construír o novo Albergue.

PREGUNTA:

En que situación se atopa este asunto?.

O Sr. Alcalde resposta que, con respecto á construción do Albergue de Area, este Concello xestionou unha inversión importante e a Xunta de Galicia comprometeuse a adquirir os terreos para o novo Albergue. Neste intre non temos razón de cómo vai.

5.- A cuberta da nave municipal onde funcionou a Escola Taller, en Chavín, está totalmente deteriorada e chove dentro das instalacións.

PREGUNTAMOS:

Que previsións ten a Alcaldía para dar solución a este grave problema?.

O Sr. Alcalde resposta que a cuberta de Chavín vai ser arranxada xa que causou moito dano o temporal que estivemos a sufrir na bisbarra e se vai facer cargo o Consorcio que se formou para estes casos.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.